

VIII Edición

D101

ENCONTRO PARA a formación e INNOVACION NO CIRCO

www.pistacatro.com



22 NOV
-
7 DEC


DOSSIER PRENSA

LABORATORIOS
EXHIBICIÓN
CIRCO CAFÉS/ COLOQUIOS



ORGANIZA PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS

. CO PATROCINIO DE: XUNTA DE GALICIA E
AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI
. SUBVENCIONADO POR: INAEM, MINISTERIO DE
CULTURA
. COA COLABORACIÓN DE: CONCELLO DE
SANTIAGO, CDG, CIDADE DA CULTURA, LA
GRAINIERIE, HOTEL COSTA VELLA



PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS É A

VIII EDICIÓN D10! ENCONTRO DE FORMACION E INNOVACION EN CIRCO



LABORATORIOS, EXHIBICIÓN, COLOQUIOS

Chega a Compostela e a Galicia a VIII Edición do D10! Encontro de Formación e Innovación en Circo que a compañía Pistacatro ven organizando dende que cumpriu unha década.

Pistacatro, compañía e produtora de novo circo máis relevante do noroeste da península con case 18 anos ás súas costas e traballando polo circo en Galicia, achégase a que xa é a oitava edición dun proxecto centrado netamente na produción de coñecemento sobre o circo e en convertilo nunha plataforma destinada á mellora e innovación do sector circense en Galicia en conexión con outras partes do mundo.

O obxectivo principal cando nace este encontro D10!, ademais de festexar o que xa fora o décimo aniversario da factoría como compañía, produtora e distribuidora, era incidir nun proxecto que versara sobre a produción de coñecemento, abordando o mesmo dende a interacción de tres esferas: información, contexto e experiencia. O proxecto D10!

Posicionando cada vez un poco máis o proxecto no contexto estatal europeo e, sobre todo en Galicia, coa oportunidade que se lle brinda ós profesionais das artes circenses e de outras disciplinas con esta formación e este encontro ó longo destes xa 8 anos, dende Pistacatro estudiamos dar un paso máis no coñecemento e na investigación da incidencia das novas linguaxes nas artes circenses e facelo pouco a pouco máis consistente e máis necesario.

Este circo das tres pistas (esferas) pretende ser un ano máis un encontro de corte reflexivo e formativo para os que integran a gran familia e comunidade de Circo.

Ademais dende a compañía, pensamos que é o momento oportuno para visibilizar este foro de busca de coñecemento en novas formas e de exhibición doutros formatos circenses ós habituais no mercado convencional. Dende Pistacatro sempre sentimos a necesidade de pararse e reflexionar sobre cómo aborda-la escena dende o circo, por e para qué, e planificar sempre os vindeiros anos. Abordar o pasado, sembrar o futuro sen deixar de vivir plenamente o presente.

Unha cita que permite a identificación de talentos únicos, o apoio á emerxencia e a xeración en Galicia e estatal, e que este ano continua e reforza as súas relacións con outras sedes en Europa, que naceron no seu momento para seguir enriquecendo o tecido en torno ó Circo e con proxectos que abren posibilidades de empregar as metodoloxías creativas do circo na innovación empresarial e no traballo con artistas e as posibilidades para os profesionais, como foi o caso da primeira experiencia do Laboratorio Antípodas e que no 2024 verá realizada a súa segunda fase cun convite para que Galicia esté en Toulouse e se continue co traballo e a experiencia..

Nestas xa OITO edicións, o D10! converteuse xa nun programa clave para o desenvolvemento do circo contemporáneo e o recoñecemento do circo como arte por dereito propio en Galicia e para a comunidade galega e de fora desta comunidade. Os artistas e profesionais que aquí se dan cita e que se reúnen para afondar en diferentes vías de traballo dentro do sector diferencianse pola riqueza e orixinalidade dos seus plantexamentos estéticos, así como polo seu afán de experimentación e de innovación e tamén o seu compromiso coa sustentabilidade e coa sociedade e os territorios. Esta parte tamén de gran importancia para a compañía Pistacatro á hora de abordar proxectos no seu sector e traballar por un presente-futuro máis sostible na escena non só circense senón doutras disciplinas artísticas.

Pistacatro fortalece así o D10 como unha auténtica plataforma para as artes circenses potenciando o sector e apoiando á comunidade no país.

Deste xeito, a productora oferta un espazo de recursos ó servizo de creadores, técnicos, administradores, ofertando formación, creación e coñecemento no plano da difusión

O seu desenvolvemento está avalado pola historia do circo no territorio, disciplina que adquiriu a súa lexitimidade ante o público e os profesionais demostrando unha vitalidade constantemente renovada. Ó mesmo tempo, o sector das artes circenses en Galicia pouco a pouco vai abríndose a unha estrutura máis profesional e cada vez máis representa un sector de excelencia.

Logo de 7 edicións realizadas con obradoiros impartidos entre outros por Sean Gandini, Pau Portabella, Roberto Magro, Stephan Sing, Roberto Gómez de la Iglesia, entre outros, a realización un ano máis de outro D10! afronta un novo reto para consolidalo como referente de encontro dos artistas, formadores, alumnos, comunicadores e profesionais do apartado gráfico e técnico e como espazo onde tamén se traballará o conflito do xénero nesta disciplina artística.

Este ano, afianzamos o encontro no sector, dámoslle un carácter internacional e consolidamos a participación do sector galego e de fora das nosas fronteiras. Así, continuamos coa vía colaborativa co centro de artes circenses francés La Grainierie, ubicada en Toulouse, que arrancoou co que deu por chamarse Laboratorio “ANTÍPODAS”: O circo como fonte de Innovación nas empresas”, unha actividade relacionada co estudio de posibilidades de empregar as metodoloxías creativas do Circo na innovación empresarial de organizacións non vinculadas ó sector cultural.

A Grainierie é unha entidade francesa especializada en apoio ás iniciativas circenses. Unha fábrica das artes do circo e da itinerancia adicada ó fortalecemento de proxectos circenses e o acompañamento do seus axentes.

A esta edición tamén se suma, finalmente, a que será a terceira programación estable do ciclo Circo a Escena, promovido pola Rede de Teatros estatal, que acolle a programación do Concello de Santiago. É por isto, que durante 15 días a capital galega se convertirá en sede referencia do novo circo actual e as correntes que se están traballando nos últimos anos ó concentrar nun mesmo espazo de tempo o que supón o encontro do D10.

PROGRAMA VIII EDICIÓN D10! Encontro de Formación e Innovación en Circo

.LABORATORIOS:

- . - DPASSO LAB: Internacionalización e Cooperación transnacional. Obradoiro de Investigación artística e diálogo interprofesional con La Grainierie & Nicanor de Elia Do 22 ó 26 de novembro. Cidade da Cultura
- . - “Do Físico ó Imaxinario”, con Vivian Friedrich. Obradoiro de Dramaturxia e Linguaxe do Circo Do 29 de novembro ó 3 de decembro. Cidade da Cultura
- . - “Malabar Orgnánico-Deep Malabar” Parte II. Con Stefan Sing. Do 4 ó 7 de decembro. Cidade da Cultura
- . - Charla didáctica con Wes Peden e o sector de malabaristas en Galicia. 29 de novembro.



"A ESCENA"

Nonsense #Cabaret de Pensamento

Salón Teatro. 28 de novembro. 20.00 horas

Cultivar a suspensión do tempo cómo o fai un lanzador de machados. Asumi-la traxedia e vehiculala ó xeito do pallaso. Dar un paso atrás para tomar perspectiva, igual que o fai a acróbata antes de dar o salto.

Nonsense #cabaret de pensamento continúa explorando a relación entre circo e vida, poñendo esta vez en diálogo a un dos impulsores do Instituto do Tempo Suspendido (ITS) o filósofo **Xavier Bassas**, á creadora galega, **dramaturga e directora** escénica **AveLina Pérez** e á **monxa budista Tenzing Ngeyung** do mosteiro Chu Sup Tsang de San Amaro, Ourense.

Un espazo para a conversación, a reflexión e con posta en escena de números circenses de artistas galegas.



RUNA, de Amer Kabbani

Salón Teatro. 29 de novembro. 20.30 horas

Entre os escombros dun mundo ao lume, Runa emerge na escena como testemuño dun proceso necesario de reconstrucción persoal e colectiva.

O artista de circo Amer Kabbani de orixe catalá e sirio, xunto ó director Rolando San Martín, explora o xénero da autoficción para dimensionar a burbulla de cristal que protexe o seu contexto coma europeo racializado, da cruda realidade das guerras.

Soporte á Creación de Fira Tàrrega 2022.



ROLLERCOASTER, de WES PEDEN

Salón Teatro. 30 de novembro. 20.30 horas

Rollercoaster (montaña rusa) é un so de malabares ultra-modernos e pop-punks para falar sobre cómo atopar o equilibrio entre liberdade e seguridade.

Rodeado de enormes estruturas hinchabeis azuis e acompañado por ritmos electrónicos, Wes Peden fai orixinais trucos inspirados nestas atraccións e os seus cintos de seguridade de alta tecnoloxía. Un prato que xira convértese nunha celebración das fantásticas viaxes do pasado, unha rutina épica de malabares con tres bolas de discoteca evoca a evolución das montañas rusas e un tubo 2 transparente de catro metros convértese no camiño arredor do corpo de Wes por onde as bolas deslízanse en increíbles voltas, hélices e espirais. Rollercoaster vira as regras do teatro para xerar un espazo seguro onde presentar algúns dos malabares máis difíciles e orixinais xamais feitos nun escenario.



NÚS, de Cèlia Marcé

Salón Teatro. 1 de decembro. 20.30 horas

Nus (nudo) refírese a un nudo físico, lazo que se fai nun fio. Tamén refírese a un estado de nudez e é o principio da palabra nosaltres (nos).

¿Cantos xeitos hai de vivir unha perda? ¿Canto dura o loito? ¿Remata?

O espectáculo narra a experiencia personal dunha perda a partir da poesía, a imaxinación e toques de humor para visibilizar sen complexos o loito e os diversos xeitos de transitalo.

Nus é unha peza de circo contemporáneo en "solitario" que, a través dun trapecio fixo, un polipasto (sistema de poleas) e a figura dun cabalo, sumerxe ó espectador nun imaxinario cotiá e cru, fantástico e onírico.



VEUS QUE NO VEUS, Cia. Pepa Plana

Teatro Principal. 2 de decembro. 20.30 h

Veus que no veus presenta a versión feminina das chamadas "entradas clásicas", os números que inician un espectáculo ou enlazan escenas.

Por unha banda, e como pallasa Augusta, a Pepa Plana. Pola outra, no rol de pallasa Branca, a Clara do Ruste. Como cambian e que significado toman cando se xoga desde dúas pallasas en canto de dous pallasos? A compañía de Pepa Plana sempre reivindicou a figura da pallasas e agora presenta os números circenses máis clásicos. Trátase de rir? Si, pero non só diso, senón de falar, xogar e, quizais, morder.

Pepa Plana é Premio Nacional de Circo 2022.



AMBULANTS. Cia. La Fam Produccións

Auditorio de Galicia. 3 decembro. 18.30 h

Un pequeno e pintoresco circo acaba de chegar á cidade despois de percorrer centenas de quilómetros cos seus carros cargados de maletas e baúis. Ninguén sabe de onde veñen, pero contan que entre os seus membros están algúns dos máis virtuosos artistas do espectáculo.

Artistas e músicos montan e preparan en directo toda a escenografía para a función.

O circo é unha gran familia na que conviven xuntos, comen xuntos, dormen xuntos... namóranse, discuten, bailan, xogan, peléxanse... xuntos.



. CIRCO CAFÉS - COLOQUIOS:

. **Mesa redonda Xeneracional: ¿É determinante a idade para adicarse ó circo?** ¿Estase máis en forma con 25 que con 50? ¿Axuda o paso dos anos á técnica? ¿Qué ferramentas temos para afrontar o paso do tempo como artistas de circo? ¿Cómo nos coidamos e cómo medramos para seguir adicándonos ó que nos apaixona? O circo é moi amplo e cada persoa un mundo (ou moitos), pero hai algo que nos atravesa dun xeito transversal: o paso do tempo e as súas consecuencias, físicas, mentais, emocionais e sociais. Unha visión dende as experiencias para reflectirnos e medrar como colectivo.

. - **Identificando patróns: Xerar dende a Igualdade e a Disidencia.** É prioritario tomar conciencia de que os roles sociais que xogamos e/ou as linguaxes coas que nos expresamos nas creacións forman parte de toda unha serie de patróns arraigados socialmente. Faise imprescindible un cuestionamento do que entendemos como normativo ou normal e unha ruptura con cánones xa establecidos se está no noso desexo ubicar ó circo como referente cultural fundamental.

. - **Cómo facer un Circo máis sostible.** Abordar xiras, materiais e adestramentos cun compromiso co planeta, co entorno e cos coidados.

VIII Edición

D10!

ENCONTRO PARA a formación e INNOVACION NO CIRCO

22 NOV
-
7 DEC

SOBRE O ESCENARIO

VIII D10 + CIRCUITO CIRCO a Escena

NONSENSE #Cabaret de Pensamento e Circo. 28 NOV
RUNA Cia. Amer Kabbani. 29 NOV
ROLLERCOASTER Wes Peden / Gandini Juggling. 30 NOV
NUS Cia. Cèlia Maró. 1 DEC
VEUS QUE NO VEUS Cia. Pepa Plana. 2 DEC
AMBULANT La Fam Produccions. 3 DEC

CIRCOCAFÉ

- Café Xeneracional, ¿é determinante a idade para o circo?
- Xerando dende a Igualdade
- Cómo facer un circo máis sostible.

LABORATORIOS

LABORATORIO "DPASSO LAB"
Internacionalización e cooperación transnacional
Oratorio de Investigación artística e diálogo
interprofesional con La Grainerie & Nioanor de Elia
22 - 26 NOV

DO FÍSICO Ó IMAXINARIO
VIVIAN FRIEDRICH
29 NOV - 3 DEC

MALABAR ORGÁNICO - PARTE II
DEEP MALABAR
Stephan Sing
4 - 7 DEC

www.pistacatro.com

CON EL PATROCINIO DE: XUNTA DE GALICIA, AGENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

SUBVENCIONADO POR: inaem

COLABORAN: centro dramático galego, Compostela Cultura, FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, GALICIA CONFERENCIA CULTURAL, COSTA VELLA, La Grainerie

Esta VIII Edición do D10! Encontro de Formación e Innovación en Circo é posible grazas ó Patrocinio da Xunta de Galicia e a Axencia Galega de Industrias Culturais; á subvención do Ministerio de Cultura-Inaem; e á colaboración do Concello de Santiago, Centro Dramático Galego, La Grainerie de Toulouse, Cidade da Cultura, Tamboura Films, e Hotel Costa Vella.

- Para máis información sobre todas estas xornadas podedes contactar con **Belém Brandido** no 0034 627778351 ou 637084928 ou no mail info@pistacatro.com ou belem@pistacatro.com